


Plan de continxencia covid-19

Cidade da Cultura de Galicia



Plan de continxencia covid-19

Cidade da Cultura de Galicia



Este documento é unha **guía de boas prácticas** para a prevención de contaxio por covid-19.

Nel recóllense os protocolos creados para gozar dos espazos dispoñibles na Cidade da Cultura para a organización de todo tipo de eventos con todas as garantías de seguridade.

O obxectivo é recoller nun **único documento** as novas medidas e protocolos de seguridade fronte á covid-19 desde o punto de vista de asistentes, persoal e provedores.

Asistentes

Poñemos en coñecemento das persoas asistentes os protocolos obrigatorios e medidas recomendadas establecidas nos distintos espazos. Facémolo coa axuda de soportes gráficos repartidos nas seguintes zonas do Gaiás:

- Entradas a edificios e a oficinas
- Auditorios e salas
- Ascensores e escaleiras
- Camerinos
- Roupeiros
- Baños
- Áreas de xogos
- Resto de zonas comúns

Persoal

Todo o persoal que forma parte da Fundación Cidade da Cultura de Galicia é coñecedor do plan de continxencias deseñado.

Contan con gráficas adaptadas aos distintos postos de traballo que están instaladas ao alcance da vista.

Ademais, a cada novo traballador facilitaráselle o plan de continxencias, para que poida coñecelo e consúltalo antes de incorporarse ao seu posto de traballo.

Provedores

Todos o provedores que participen en actividades nos espazos do Gaiás deben ter coñecemento das medidas de continxencia e poñelas en práctica para a prevención do contaxio por coronavirus.

As principais medidas son:

- Manter a distancia de seguridade
- Utilización de máscara
- Hixienización de mans e material utilizado



Control de provedores:

A Fundación Cidade da Cultura de Galicia solicitará a aceptación expresa e compromiso deste plan de continxencia a todos os seus provedores antes de iniciar a prestación de servizos. Tamén se solicitará á empresa provedora os seus propios protocolos de actuación.

Requisitos xerais:

- Evitar o saúdo con contacto físico tanto con clientes como co resto do equipo.
- Respectar o distanciamento social.
- Uso de máscara.
- Utilizar as papeleiras ou, no seu defecto, os contedores habilitados para os refugallos de hixiene persoal (panos refugables, EPI, etc)
- Limpeza de mans de forma frecuente e despois de esbirrar, tusir ou despois de estar en contacto con superficies en zonas de circulación de persoas.
- Desinfección frecuente ao longo da xornada dos obxectos de uso persoal (lentes, móbiles, etc)
- Cumprir as determinacións da lexislación vixente en cada momento no referente ao seu posto de traballo.

Actuacións e concertos

Co obxectivo de mellorar a experiencia e optimizar os fluxos de persoas nunha contorna segura e cómoda, implantamos novos sinais no noso recinto.

Instalamos frechas no chan de todas as plantas para facilitar a circulación de persoas dentro do edificio, así como sinais de entrada recomendada e prohibición de entrada e sinalética específica para manter a distancia de seguridade.

O plan de evacuación non se verá afectado por este novo protocolo. En caso de convivir varios eventos na mesma planta, este protocolo podería verse modificado

Requisitos xerais

- Respectar o distanciamento social en 3 m entre a agrupación musical e o público. Durante os ensaios deberán manter o distanciamento social entre os integrantes e tomar medidas en caso de non ser posible.
- Evitar o contacto físico (saúdos, etc)
- Uso de máscara sen válvula tanto nos ensaios como durante a función salvo vocalistas ou intérpretes de vento.
- Utilizar as papeleiras ou na súa falta os contedores habilitados para os refugallos de hixiene persoal (panos refugables, EPI, etc)
- Limpeza de mans de forma frecuente e despois de esbirrar, tusir ou despois de estar en contacto con superficies en zonas de circulación de persoas.
- Desinfección frecuente ao longo da xornada dos obxectos de uso persoal, instrumentos e chans de escenarios.



Elementos de sinalización

ESCALEIRAS

Separación e sinalización de sentidos de circulación e puntos de entrada e saída mediante bandas vinílicas no chan, portas e frechas.

Puntos de subida e baixada.

Deberá quedar sempre a parede ou pasamáns a man dereita da persoa tanto en sentido de subida como de baixada.

ASCENSORES

Recoméndase, sempre que sexa posible, o uso individual.

Recomendacións de uso no interior da cabina.

DESPACHOS DE BILLETES

En todas as zonas onde se poida crear un punto de espera (despachos de billetes, barras, mostradores) Aseguraremos que se manteña a distancia social, instalando bandas vinílicas nos devanditos puntos.

AUDITORIO E SALAS

Colocación de sinais para establecer os sentidos de circulación e os puntos de entrada e saída. Todo isto complementado con persoal que facilitará o acceso e desaloxo das salas e auditorios.

SOPORTES E MATERIAL

Poñemos ao dispor dos asistentes e persoal distintos elementos de protección e prevención situados en diferentes puntos dos edificios:

- Soporte con desinfectante nos accesos.
- Soportes para xel desinfectante de sobremesa colocados en distintos accesos.
- Máscaras refugables: disporáse de máscaras hixiénicas refugables para poder facer uso no caso de que os clientes non dispoñan da propia e así o soliciten.
- Paneis de protección para mostradores de control de acceso

· Papeleiras con tapa a pedal. Colocaranse en varios puntos estratéxicos do edificio (baños, accesos, etc.)

· Nebulizador para desinfección de mobiliario.

MOBILIARIO

Nos auditorios só se deixarán habilitadas as butacas correspondentes á capacidade máxima da sala permitida pola lexislación correspondente en cada momento.

As butacas dos auditorios serán desinfectadas despois de cada uso en caso de eventos e espectáculos. No caso das reunións/ congresos cada asistente dispoñerá da súa propia butaca para todo o evento e nos espectáculos serán butacas preasignadas.

Non se contará con servizo de gardarroupa ata novo aviso.

Elementos de sinalización

LIMPEZA

Internamente adaptamos o noso plan de limpeza e desinfección valorando a avaliación dos riscos.

O equipo de mantemento ocúpase da desinfección das instalacións. Comezando a xornada cunhas instalacións limpas, desinfectadas e seguras

O persoal de limpeza encárgase da desinfección entre eventos de salas, mobiliario, materiais e zonas comúns.

Durante a xornada todo o persoal será responsable de manter as instalacións desinfectadas e seguras.

Os baños límpanse cunha frecuencia periódica, limpando a louza sanitaria con produtos desinfectantes. O persoal leva un rexistro destas limpeza, anotando a hora e a persoa, cada día.

O persoal de limpeza é responsable de ir enchendo os dosificadores de xel.

CLIMATIZACION

As instalacións de climatización garanten unha renovación continua de aire dos locais. Todos os equipos de climatización axustáronse para anular a recirculación de aire e toman o 100% do aire do exterior.

AUDITORIOS E SALAS

Adecuamos os nosos espazos á capacidade máxima permitida e ás medidas de protección e hixiénico-sanitarias establecidas no plan de continxencia.

O persoal organizador do evento deberá vixiar que as persoas asistentes respecten as medidas establecidas no plan de continxencia e controlar as entradas e saídas. Deberá ser coñecedor da lexislación aplicable no momento da realización do evento en relación a aforos e distancia interpersoal (ver anexo 1).

Anexo 1

Normas e lexislación

LEXISLACIÓN LABORAL E ECONÓMICA

Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de Riscos Laborais.

Real Decreto 39/1997, do 17 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento dos Servizos de Prevención.

Real Decreto 664/1997, do 12 de maio, sobre a protección dos traballadores contra os riscos relacionados coa exposición a axentes biolóxicos durante o traballo.

Real Decreto- lei 8/2020, do 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19.

PROTOCOLOS DE INFORMACIÓN DE SANIDADE E SAÚDE PÚBLICA

Procedemento de actuación para os servizos de prevención de riscos laborais fronte á exposición ao SARS- CoV-2.
https://www.mscbs.gob.es/en/profesionales/saludpublica/ccayes/alertasactual/ncov-Chinesa/documentos/PrevencionRRL_COVID-19.pdf

Nota interpretativa dos escenarios de risco de exposición establecidos no procedemento de actuación para os servizos de prevención de riscos laborais fronte á exposición ao novo coronavirus (SARS- COV-2).
https://www.mscbs.gob.es/en/profesionales/saludpublica/ccayes/alertasactual/ncov-Chinesa/documentos/NOTA_INTERPRETATIVA_TÁBOA_1_PROCEDEMENTO_SPRL.pdf

Estratexia de diagnóstico, vixilancia e control na fase de transición da pandemia de COVID-19. Indicadores de seguimento.

https://www.mscbs.gob.es/profesionales/saludpublica/ccayes/alertasactual/ncov-Chinesa/documentos/COVID19_Estratexia_vixilancia_e_control_e_indicadores.pdf

Outros procedementos específicos pódense atopar en:
<https://www.mscbs.gob.es/en/profesionales/saludpublica/ccayes/alertasactual/ncov-Chinesa/documentos.htm>

INFORMACIÓN TÉCNICA DO INSST

Guía técnica para a valoración e prevención dos riscos relacionados coa exposición a axentes biolóxicos.
<https://www.insst.es/documents/94886/203536/Gu%C3%ADa+t%C3%A9cnica+para+a+evaluaci%C3%B3n+e+prevenci%C3%B3n+de+os+riscos+relacionados+con+a+exposici%C3%B3n+a+axentes+biol%C3%B3gicos/22fd163d-8d8f-4259-a571-c0c14aeebeaf>

Directrices para diversos sectores.
<https://www.insst.es/espacio-camp%C3%A1-covid-19>

INFORMACIÓN DO SERGAS











<https://coronavirus.sergas.es/>

DOCUMENTACIÓN DO ISSGA

http://issga.xunta.gal/portal/contido/avisos/aviso_0018.html
23

Anexo 2

Sinalización empregada

Número de usuarios	Separación entre persoas	Uso de hidroxel	Inhabilitación de espazos e dotacións (portas, urinarios, butacas)	Accesos e percorridos seguros
				
				
				

Información útil en aseos, accesos e cartelería dixital

Normas xerais

Información útil coronavirus

Lavar as mans é necesario para protexerse e protexer os demais

Despois de **esbirrar**, de ter **contacto** con alguén que esbirra ou tose, despois de **usar o baño**, o **transporte público**, de tocar **superficies suxas** ou **antes de xantar**:

- Aplica xabón suficiente
- Molla as mans
- Frota as Palmas por dentro
- Frota os polgares
- Frota as Palmas entrelazando os dedos
- Frota a palma duniha man co dorso da outra
- Frota os pulsos
- Enxauga e seca as mans cunha toalla dun só uso

40 seg.

Máis información:
www.sergas.gal
www.mscbs.gob.es

FONTE: SERGAS, MINISTERIO DE SANIDAD

Información útil coronavirus

Que podo facer para protexerme do coronavirus e outros virus respiratorios?

- Lava as mans con frecuencia
- Emprega **panos dun só uso** para eliminar secrecións respiratorias e tiracos despois de usalos
- Ao tosir ou esbirrar, cubre a boca e o nariz co **cóbado flexionado**
- Se presentas síntomas respiratorios **evita o contacto** próximo con outras persoas
- Evita tocar os **ollos, o nariz e a boca**, xa que as mans facilitan a súa transmisión

Que facer se presento síntomas?

Se presentas os seguintes **síntomas**:

- FEBRE**
- TOSE**
- SENSACIÓN DE FALTA DE AIRE**

E estivesches nunha **zona de risco**, ou tivesches **contacto estreito** cunha persoa que sexa un caso probable ou confirmado:

Máis información: **Queda na casa** e chama ao teléfono:
900 400 116

www.sergas.gal
www.mscbs.gob.es

FONTE: SERGAS, MINISTERIO DE SANIDAD

Exposición 'As miradas de Isaac'

Recomendacións na sala de exposicións

- Use xel de mans antes e despois da actividade
- Mantéña a distancia de seguridade **1,5 METROS**
- Capacidade limitada na sala de exposicións do **1º andar** **129 Nº USUARIOS MÁX.**

Sinalización de perímetro seguro en eventos



Información protocolaria

NOTA DE PROTOCOLO:

Información de utilidade pola covid-19:

Os convidados deberán estar no Museo Centro Gaiás antes das 17:45 h e acceder polo andar -1 (ver plano adxunto)

Presente o convite nun dispositivo electrónico ou papel no punto de acceso

A asignación das cadeiras será nominal. A organización acompañarao ata a súa localidade e non estará permitido mudar de cadeira


A máscara deberá manterse en todo momento

Pregamos o uso de xel hidroalcohólico, dispoñible no punto de acceso

Manteña unha distancia mínima de 1,5 metros durante os tempos de agarda

Siga os circuitos establecidos para a entrada e a saída e para a visita a exposición

Pola súa propia seguridade e a do resto de convidados, agradecemos siga sempre as recomendacións da organización



Áreas infantís


CORPO DA BAILEA

Usuarios/as máximos por andar

ANDAR 3	1 USUARIOS MÁX.
ANDAR 2	2 USUARIOS MÁX.
ANDAR 1	4 USUARIOS MÁX.
ANDAR 0	4 USUARIOS MÁX.

USE XEL DE MANS ANTES E DEPOIS DA ACTIVIDADE

Vacunación COVID



PUNTO DE INFORMACIÓN VACINACIÓN COVID

Acceso temporalmente restrinxido ao SERGAS e persoas con cita para vacinarse

XUNTA DE GALICIA

Recomendacións na área de xogos



Use xel de mans antes e despois da actividade



Manteña a distancia de seguridade



Capacidade limitada por instalación



XUNTA
DE GALICIA